

III Andaina SOLIDARIA

O recadado será destinado a ASANOG

(Asociación de axuda a nenos oncolóxicos de Galicia)



Asociación de Ayuda a Niños Oncológicos de Galicia



12 de OUTUBRO

Hora de saída: 10:30h.

Lugar de chegada e saída: Praza Castelao

Percorrido Verde: 4 Km.

Percorrido Amarelo: 10 Km.

Se non podes participar e queres colaborar, fai unha aportación a través da Fila Cero

INSCRÍBETE!
Máis información en:
emesports.es/eventos
concelloderianxo.gal



Padriño da proba:
Adrián Mosquera
Deportista Paralímpico



RIANXO

2023

Colaboran:



Organiza:



1.- DATOS XERAIS DA ACTIVIDADE

- **Denominación:** III Andaina solidaria a beneficio de Asanog (Asociación de ayuda a niños oncológicos de Galicia).
- **Organizador:** Asociación de ayuda a niños oncológicos de Galicia (ASANOG).
- **Colabora:** Concello de Rianxo.
- **Data:** Xoves, 12 de outubro de 2023
- **Hora:** 8:45 a 15:00 h.
- **Localización saída:** Praza Castelao – Rianxo.
- **Localización chegada:** Praza Castelao – Rianxo.
- **Modalidade:** Andaina.
- **Categorías:** establécese unha única categoría.

2.- REGULAMENTO DA PROBA

BASES ORGANIZATIVAS

III ANDAINA SOLIDARIA ASANOG

Artigo 1.

A “Asociación de Ayuda a Niños Oncológicos de Galicia”, ASANOG, coa colaboración do Concello de Rianxo, organiza a “**III Andaina Solidaria Asanog**”, o xoves 12 de outubro de 2023

A proba organízase a beneficio da **Asociación de Ayuda a Niños Oncológicos de Galicia**, que recibirá o 100% do recadado a través das inscricións.

Artigo 2.

Poderán participar todas aquelas persoas que o desexen sen distinción de idade ou sexo sempre que se inscriban axeitadamente. As persoas participantes menores de idade deberán cumprimentar unha autorización paterna, materna ou do/a titor/a legal para poder participar. Esta autorización deberá presentarse no momento da recollida do dorsal. No caso de non presentar dita autorización, non será posible a participación na proba, non sendo reembolsable o importe da mesma.

Artigo 3. Categorías

Establécese unha única categoría integrada pola totalidade dos participantes.

Artigo 4. Distancias e horarios

A “III Andaina solidaria ASANOG” conta con un percorrido circular, con saída e chegada no mesmo punto. Así, é posible facer un percorrido de 4 km. e outro de 11 km. aproximadamente, en función da condición física de cada participante.

O comezo da andaina será ás 10:30 horas do sábado 5 de novembro de 2022.

Artigo 5. Lugar de saída e percorrido

Saída e chegada

Praza Castelao

Establécense 2 percorridos na contorna do paseo marítimo, senda litoral, praias e montes do concello.

- 1 Percorrido verde: 4 km.
- 2 Percorrido amarelo: 11 km.

A saída do evento realizarase a partir das 10:30 horas. O protocolo de saída será o que marque a lexislación e a normativa COVID na data de celebración do evento.

O uso da máscara non é obrigatoria durante a participación no evento.

Artigo 6. Inscripcións

Prazo de inscrición

Ata o luns 9 de outubro de 2023 ás 23:59 h.

Inscrición

En liña:

- emesports.es

Presencial:

- Servizo de Deportes. Edif. Cuartel Vello. Praza Castelao, 9. 15920 Rianxo.
- Na Praza Castelao ata 15 minutos antes do inicio da proba.

Prezo

Andaina:

- 10 € para todas as persoas maiores de idade e 5 € para as persoas menores de idade.
- É obrigatorio inscribirse e retirar o dorsal para participar na andaina.

Fila Cero

Doazón da cantidade desexada a través da pasarela de pago ata o martes 10 de outubro de 2023 ás 23:59 h., ou na Praza Castelao o día de celebración do evento.

Límite de prazas: haberá un límite de 750 inscricións.

Artigo 7. Retirada de dorsais

Na Praza de Castelao o mesmo día da proba, a partir das 9:00 e ata o inicio da mesma.

Artigo 8. Agasallos

Agasallos

Camiseta conmemorativa para todas as participantes na andaina (ata fin de existencias).

Artigo 9. Servizos

Aparcadoiros

Aparcadoiro Público Municipal (gratuíto), arredores do pavillón polideportivo e nas inmediacións da zona portuaria.

Avituallamento

No intre de retirar o dorsal farase entrega dunha bolsa ao participante con auga e unha peza de froita ou similar.

Artigo 10. Outras consideracións

A proba conta cun seguro de responsabilidade civil e un seguro de accidentes coas coberturas mínimas esixidas no Real Decreto 849/1993, subscritos polo Concello de Rianxo e a Asociación ASANOG.

A proba conta cun servizo médico-sanitario, que constará dunha ambulancia e un médico.

A organización da proba resérvase o dereito a modificar horarios e ou percorridos, así como aprazar ou suspender o evento se así o estima oportuno por razóns de seguridade.

No caso de que para o día da celebración do evento se decrete unha alerta laranxa ou a situación sanitaria derivada das restricións COVID así o indiquen, o evento será suspendido automaticamente. Buscarase unha data adecuada para desenvolverla e non se devolverán os cartos da inscrición.

As persoas que durante o transcurso da carreira/andaina circulen por fóra do espazo delimitado polos vehículos de sinalización e/ou monitores da andaina, considéranse a todos os efectos usuarias normais da vía.

Toda persoa que participe sen estar inscrita, farao baixo a súa responsabilidade e non poderá participar dos obsequios. Tampouco estará amparada polos seguros do evento.

O dorsal deberá ser colocado visiblemente na parte dianteira, sen poder facer ningunha modificación no mesmo.

A organización e os seus colaboradores non se fan responsables dos danos morais ou materiais que a si mesmos ou a outras persoas ocasionen as participantes no evento.


Os únicos vehículos que poderán seguir a proba serán os autorizados pola organización, e non está permitido o acompañamento das persoas participantes mediante o uso de vehículos de apoio.

As persoas participantes autorizan á organización (ASANOG), aos colaboradores (Concello de Rianxo) e aos patrocinadores do evento, a empregar calquera tipo de imaxe ou gravación con fins de difusión, promoción e explotación para todo o mundo mediante calquera dispositivo (internet, publicidade impresa, etc.) se límite temporal.

A continuación amosamos unhas imaxes nas que se aprecian os dous percorridos con detalle ademais dunha descrición do itinerario.

ANDAINA CORTA PERCORRIDO VERDE

A.- Croquis e perfil.




B.- Itinerario.

O percorrido verde discorre practicamente na súa totalidade polo paseo marítimo.

PUNTO NO PLANO	CRUCE/VÍA	KM./VÍA	HORA EST.
A	Saída Praza Castelao	0	10:30 h.
B	Circulación por Setefogas ata Paseo Marítimo	140 m	10:32 h.
C	Circulación por paseo marítimo ata Rinlo	700 m	10:40 h.
D	Circulación pista asfaltada O Bosque	950 m	10:50 h.
E	Circulación pista terra	1.320 m	11:00 h.
F	Circulación pista asfaltada Rúa Agro do monte	1.930 m	11:10 h.
G	Circulación pista asfaltada ata o pazo	2.640 m	11:20 h.
H	Circulación por Pistas aldea O pazo ata paseo marítimo	3.130 m	11:30 h.
I	Circulación Paseo Marítimo ata setefogas	4.230 m	11:50 h.
J	Circulación setefogas ata praza Castelao	4.290 m	11:52 h.

ANDAINA LONGA PERCORRIDO AMARELO

A.- Croquis e perfil.



B.- Itinerario.

O percorrido amarelo discorre practicamente por pista asfaltada, monte de asados e polo paseo marítimo.

PUNTO NO PLANO	CRUCE/VÍA	KM./VÍA	HORA EST.
A	Saída Praza Castelao	0	10:30 h.
B	Circulación por Setefogas ata Paseo Marítimo	140 m	10:32 h.
C	Circulación por paseo marítimo ata Rinlo	700 m	10:40 h.
D	Circulación pista asfaltada O Bosque	950 m	10:50 h.
E	Circulación pista terra	1.320 m	11:00 h.
F	Circulación pista asfaltada Rúa Agro do monte ata o barral	2.250 m	11:15 h.
G	Circulación pola pista forestal	2.800 m	11:20 h.
H	Circulación camiño forestal ata aldea de abuíñ	3.680 m	11:30 h.
I	Circulación por aldea de abuíñ	5.420 m	11:50 h.
J	Circulación por pista forestal aldea Abuín	5.910 m	11:55 h.
K	Circulación Pista asfaltada ata praia das Cunchas	5.080 m	11:50 h.
L	Circulación senda litoral ata praia de tanxil	7.000 m	12:20 h.
M	Circulación por casco urbano ata rua de abaixo	9.460 m	12:45 h.
N	Circulación Rúa de Abixo ata Praza castealo	10.300 m	12:55 h.
O	Circulación por Praza Castealo ata linea meta	10.500 m	13:00 h.

A hora estimada é iso, unha estimación, poderá verse afectada en función do sistema que se empregue na saída (dependerá da normativa COVID no momento no que se celebre o evento).

4.- NÚMERO DE PARTICIPANTES PREVISTOS

750 participantes.

5.- CONCELLOS POLOS QUE DISCORRE O EVENTO

- Rianxo

6.- MEDIDAS DE SINALIZACIÓN E DISPOSITIVOS DE SEGURIDADE

6.1.- Responsables da proba deportiva

- **Director executivo:**

Sara Muñiz Vicente

53.789.232 - H

Telf. 672 691 630

- **Responsable de Seguridade Viaria:**

Bernardo Rial Lago

76.970.183-Q

Telf. 661 247 136

6.2.- Medios de organización

- **Ambulancia:** Si
- **Médico:** Si
- **Vehículo de apertura:** Non
- **Vehículo de peche:** Bicicleta.
- **Vehículos de apoio:** Motos e bicicletas
- **Persoal auxiliar:** Protección Civil e voluntarios do Concello de Rianxo.
- **Sistemas de comunicación:** Teléfonos móbiles

6.3.- Cobertura de cruces e/ou puntos perigosos do percorrido.

- Cruces

Sinala e regula o tráfico a Policía Local de Rianxo:

CRUCE/VÍA	KM./VÍA	Medida Prevención
DP- 7202 – Paso peatons entrada rinlo	0,6	Sinala e regula tráfico Policía Local
DP – 7202 – Paso peatón aldea o pazo (ruta pequena)	2,64	Sinala e regula tráfico Policía Local
DP – 3301 – Cruce alto de abuín (Cruce ca subida ao mirador)		Sinala e regula tráfico Policía Local

- Puntos perigosos do percorrido

Ao longo dos dous percorridos non existen puntos considerados perigosos. A pesares diso, vanse a dispor ao longo do percorrido unha serie de voluntarios e membros da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Rianxo que velarán pola seguridade e polo normal desenvolvemento do evento.

- Sinalización xeral :

A organización disporá de balizas, cintas e frechas de dirección co fin de sinalizar o percorrido. Ademais, a organización disporá de monitores e voluntarios que realizarán o percorrido canda os participantes.

Todo material empregado para a sinalización será retirado unha vez remate a proba correspondente.

7.- SEGUROS

- Contrataranse seguros de:
 - Responsabilidade Civil
 - Accidentes

Seguro de Responsabilidade Civil de ASANOG.



Anexo II.- PÓLIZA DE RESPONSABILIDADE CIVIL E RECIBO